



## ANUNCIO

Desestimento do proceso selectivo para a cobertura do posto de técnico/a superior de Xestión Económico-Administrativa (ECA 01), con Expte. 2019/E001/000011

A Alcaldía do Concello de Vimianzo, con data 02/02/2022 , ditou a Resolución 98/2022 que a continuación se transcribe:

### “RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

**Expediente:** 2019/E001/000011

**Asunto:** Desestimento do proceso selectivo para a cobertura do posto de técnico/a superior de Xestión Económico-Administrativa (ECA 01)

### ANTECEDENTES

1. Por Resolución de Alcaldía núm. 185/2020, do 21/02/2020, aprobáronse as bases de selección, mediante sistema concurso oposición, dun/ha técnico superior de Xestión Económico-Administrativa no Concello de Vimianzo e a formación dunha bolsa de traballo (Exp. 2019/E001/000011).
2. As bases foron publicadas no taboleiro de edictos e no BOP da Coruña núm. 41, do 02/03/2020, e abriuse un prazo de 10 días hábiles, contados a partir da publicación no BOP, para que as persoas interesadas presentaran as súas solicitudes.
3. Recibíronse neste concello once solicitudes para o proceso selectivo, rexistradas entre o 04/03/2020 e o 10/03/2020.
4. O día 14/03/2020 saíu publicado no BOE núm. 67 o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, e aínda non rematara o prazo de presentación de solicitudes.
5. A actividade do Concello de Vimianzo, desde que se iniciaron as medidas de xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, veuse afectada, ao ter que atender a novas necesidades e urxencias, e influíu no desenvolvemento de expedientes anteriores, entre eles este proceso de selección.
6. Transcorreu un período de tempo relevante desde a convocatoria que, aínda coas suspensións de prazos derivadas da pandemia do COVID-19, pode supor unha vulneración do principio de seguridade xurídica respecto aos candidatos presentados e repercutir negativamente na fase material do proceso selectivo ante o descoñecemento da situación persoal e laboral actual das persoas interesadas no procedemento.
7. Neste período, a normativa de aplicación aos funcionarios interinos e aos procesos de selección veuse modificada pola Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no ámbito do emprego.
8. Co fin de garantir un procedemento áxil, transparente e público, considérase pertinente iniciar un novo procedemento para dar cobertura á praza de técnico/a superior de Xestión Económico-Administrativa (ECA 01), arquivando o convocado en marzo do 2020 con todos os documentos que figuran nel, xa que puideron variar os méritos e capacidades dos candidatos presentados por mor do prazo transcorrido, tendo en consideración o suposto previsto no artigo 10.1.b) do TREBEP, de funcionario/a interino/a por substitución transitoria dos titulares, durante o tempo estritamente necesario.



## CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo o artigo 93 da Lei 39/2015, o desistimento é unha forma de finalización dun procedemento para as Administracións Públicas.
2. Tense en consideración a atribución concedida á Alcaldía polo artigo 21.1 g) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de bases de Réxime Local.

Visto canto antecede, RESOLVO:

PRIMEIRO.- Desistir do procedemento de selección de funcionario interino para a praza de técnico/a superior de Xestión Económico-Administrativa (ECA 01), convocada mediante anuncio publicado no BOP de Coruña número 41, do 02/03/2020, e co número 2019/E001/000011 de expediente municipal en TEDeC, e archivar o seu contido.

SEGUNDO.- Publicar anuncio desta resolución no BOP da Coruña, no taboleiro de edictos municipal e no taboleiro da Sede Electrónica do Concello de Vimianzo.

TERCERO.- Notificar este acordo ás persoas interesadas.

[...]"

### RECURSOS:

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Vimianzo, 8 de febreiro de 2022

Mónica Rodríguez Ordóñez  
Alcaldesa do Concello de Vimianzo